

# **ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO - SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS**

## **Seguimento da titulación: Master en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental**

### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO**

**Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

#### **Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Se segue a destacar o interese e a necesidade de seguir ofertando a titulación no actual marco de estudos universitarios que permitirá formar profesionais do ámbito agroalimentario e ambiental nos próximos anos.


A estrutura formativa deste título, xunto coa das titulacións afíns da Facultade de Ciencias, responde á aposta estratéxica do polo agroambiental e alimentario que realiza a Facultade de Ciencias de Ourense, e que tamén se encadraría dentro do liñas estratéxicas marcadas no Campus do Mar (Campus de Excelencia Internacional) da Universidade de Vigo e no Campus da Auga (plan estratéxico do Campus de Ourense).

Aínda que non hai datos relativos ao Máster, é de salientar que o grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos que dá acceso ao Mestrado ao alumnado da Facultade de Ciencias de Ourense, figura entre os títulos máis solicitados, segundo publica o diario "El Mundo" no seu ranking "50 carreiras" no que avalían as titulacións máis demandadas en todo o país polos estudantes.


O perfil do egresado/a adáptase ao contexto socioeconómico e académico da industria agroalimentaria (particularmente en aspectos relacionados coa investigación en seguridade alimentaria e deseño de novos produtos) e a diversas cuestións ambientais (contaminación, ecosistemas, biodiversidade ou cambio climático). Segundo o estudo publicado en 2018 sobre a inserción laboral das titulacións do Sistema Universitario de Galicia 2012-2013, o 58,89% dos titulados da rama de Ciencias estaban traballando e destes o 89,13% realiza funcións específicas do Título.

A xustificación orixinal da implantación do Máster segue vixente na actualidade dada a elevada demanda social dos/as profesionais do sector da I+D+i dos sectores agroalimentario e medioambiental. Cómpre salientar que en tódolos cursos académicos se matriculan no Máster 4-5 estudantes que xa traballaban en empresas relacionadas co sector agroalimentario co obxectivo de incrementar as súas competencias profesionais. Para algúns deles/as, a obtención do título permitiulles acceder a postos de maior responsabilidade dentro da súa empresa. Ademais, en moitos dos cursos académicos algúns estudiantado de Máster é contratado xa no cuarto trimestre por empresas líderes do ámbito agroalimentario en Galicia a través de ofertas de emprego que chegan á Comisión Académica do Máster demandando un profesional con perfil de Máster.

Froito deste interese académico, con contidos en constante actualización segundo os últimos avances tecnolóxicos e científicos da industria agroalimentaria e medioambiental, a demanda do título nos últimos dous anos foi excelente. No curso 2020-21 matricularonse un total de 23 alumnos/as e no curso 2021-22 cubríronse as 30 prazas ofertadas. Dada a gran demanda solicitouse a ampliación da matrícula do Máster no 10% permitido pola lei. O resultado foi que no Máster se matricularon un total de 31 novos/as alumnos/as, unha cifra superior ás 30 prazas ofertadas e dos 20 alumnos/as que a Xunta marca como mínimo.



A gran demanda do Máster tamén se evidencia á hora de avaliar a procedencia do alumnado. Aínda que un gran número de titulados/as que rematan os seus estudos na Facultade de Ciencias continúan a súa formación no Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental, a maioría do alumnado procede doutras Facultades/Escolas do SUG situadas fóra da provincia de Ourense, ou mesmo de fora da nosa comunidade autónoma e do estranxeiro. No último curso do Máster, un total de 21 alumnos/as, que representan o 68% dos novo alumnado do curso, procedían doutros países e provincias da comunidade galega ou de fóra de Galicia. Concretamente 10 que non tiñan cursado o Grao de acceso na Facultade de Ciencias de Ourense e outros 10 estudantes procedentes do estranxeiro.



As enquisas de satisfacción realizadas mostran que o profesorado valorou positivamente o Máster cun 4,38/5, os estudantes cun 3,34/5, os titulados cun 3,62/5 e os empresarios cun 4,17/5.

Cómpre sinalar que a Comisión Académica do Máster revisa anualmente a adecuación dos obxectivos e competencias xerais e específicos do título á normativa académica e á realidade do contexto socioeconómico da industria agroalimentaria e medioambiental en Galicia. Son especialmente relevantes e actualizadas as liñas de investigación e os contidos do Máster, o que permite unha excelente formación dos/as egresadas.

A oferta de asignaturas obrigatorias a materias dos 3 módulos optativos correspóndese co establecido na memoria de verificación. Ademais, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación se corresponderon co establecido na memoria de verificación co gallo de conquistar unha axeitada consecución das competencias por parte dos/as egresados/as. O tamaño dos grupos é axeitado ás actividades formativas, aínda que estes son moi numerosos no caso das asignaturas obrigatorias. Na web do Master atópase toda a información actualizada sobre o plano estudos e desenvolvemento das materias.

Existe unha escasa participación do alumnado nos programas de mobilidade regulada, aínda que cabe destacar que unha gran parte do alumnado xa fai esa mobilidade porque ven a estudar o Master dende fora da provincia de Ourense.

A coordinación docente recae na Comisión académica do Master. Se realizan reunións entre a comisión académica do Máster e os/as coordinadores/as das asignaturas o longo do curso para estruturar a carga docente e o traballo propio do alumnado en cada materia. De esta forma se pretenden evitar solapamentos e excesiva carga de materia nalgunhas asignaturas.

Ademais realízase unha reunión con todo o profesorado do Máster para facer unha posta en común e detectar as posibles dificultades que o alumnado pode ter para alcanzar as competencias e os obxectivos en cada asignatura.

Se fomenta a participación do alumnado e do profesorado nas actividades comúns, como a defensa dos Traballos Fin de Master, para que todos os elementos implicados no Master poidan valorar adquisición dos competencias polos egresados/as.

**Puntos débiles detectados:**

- Valoración da planificación das ensinanzas por parte do alumnado.
- Poucos/as alumnos/as procedentes do Grado en Ciencias ambientais.

**Accións de mellora a implantar:**

- A Comisión de Planificación das ensinanzas reunirse ao final de cada curso para seguir os procedementos de revisión do Master entre os cales establecerase un procedemento de revisión das competencias que adquire o alumnado así como dos contidos dos módulos e materias para comprobar que seguen sendo coherentes co título outorgado para facer o Master mais atractivo os egresados do Grado en Ciencias Ambientais.

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

## **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Dado que a Universidade sómente publicita as características do título a través do enlace da oferta académica xeral da mesma, onde aparece un link a memoria de verificación, o peso de que a maior información posible sexa pública e dispoñible en tempo e forma para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses) recae na Comisión Académica do Master. Neste senso a páxina web do Master atópase constantemente actualizada con toda a información relevante para todos os grupos de interese como especialmente alumnado (teñen toda a información relativa a prazos de preinscripciones, matriculas, documentación que debe achegar, publicación de listas provisionales e definitivas, posibles becas coas súas enlaces a prazos e requisitos, planificación de ensinanzas pefiles de egreso e ingreso) ou empregadores/as e administracións educativas (ensinanzas, planificación e contidos das mesmas, perfils de egreso dos estudantes.....). A web do Máster baséase nunha aplicación deseñada polo Vicerreitorado de Alumnado, Docencia e Calidade da Universidade de Vigo.

Detectamos un elevado grado de satisfacción do profesorado nas accións de orientación con un valor de 4,31/5. As enquisas de satisfacción do Master amosan que o alumnado presenta grado de satisfacción crecente nos últimos cursos ata chegar a un 3,14/5 o cal se eleva considerablemente no caso do estudiantado egresado ata un 4,00/5.

A partir de que os potenciais alumnos/as se preinscriben realízase un seguimento e orientación dos/as mesmos/as a través do correo electrónico informándolles de forma particular cada vez que se abre ou pecha un prazo durante o período de matrícula. Este proceso de orientación finaliza durante o período de formalización de matrícula no que se ofrece a cada alumno/a a posibilidade dun asesoramento personalizado para a selección de materias do Master dependendo da formación que pretenda alcanzar. Realízase a través do correo electrónico, teléfono ou entrevistas co coordinador do Master.

Así mesmo infórmaselles o alumnado das posibles becas que poden pedir, tanto individualmente a través de email como de forma xeral a través da web.

A Comisión Académica do Master realiza as funcións de orientación.

### **Puntos febles detectados:**

- A difusión do título se centra en charlas os/as alumnos/as dos grados do Campus de Ourense e na web.
- A percepción do alumnado polos sistemas de información e transparencia se eleva un tempo despois de finalizado Master.

### **Accións de mellora a implantar:**

- Búsqueda de novas vías de difusión do título e non so a través de charlas e da web.
- Incidir na transparencia e información do título a través de trípticos, charlas....os grupos de interese.
- Actualización constante da web do Master

### **Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

### **Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

## CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

A Facultade de Ciencias ten implantado o Sistema de Garantía da Calidade deseñado pola Universidade de Vigo, que establece os procedementos de avaliación da calidade do programa formativo e dos órganos de dirección: <http://fcou.uvigo.es/gl/quality/sgc/>. O seguimento do Sistema de Calidade inclúe a recollida de información e avaliación de forma oportuna, permanente e dinámica, así como a súa análise que determinará os acordos e/ou decisións para mellorar a calidade da titulación.

O profesorado do Máster, ao igual que o resto do profesorado da Universidade de Vigo, é avaliado cada semestre polo alumnado, en función da materia impartida e do número de horas que imparten. Este tipo de avaliación formará parte do Programa de Enquisas de Avaliación do Profesorado (EAD). Estas enquisas realízanse para coñecer a opinión/valoración do alumnado en relación co desenvolvemento da materia. Nos últimos anos esta avaliación axustouse á organización académica do centro. Os procedementos de suxestións, reclamacións, avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado desenvolvéronse de acordo co establecido na memoria verificada do Máster.

As Enquisas de Satisfacción do Máster, realizadas de forma virtual e anónima cada curso académico, permítenos realizar un seguimento directo e continuo do grao de satisfacción do alumnado e titulado (anual) e do profesorado e do PAS (cada dous anos). Tamén se realizan enquisas de satisfacción do empregador, aínda que os resultados non se publican todos os anos. O conxunto destas enquisas son un elemento máis para apoiar a reflexión e a toma de decisións na mellora constante do Máster, permitindo detectar algúns dos puntos fortes e débiles. Tamén se avalía a calidade do profesorado a través do Programa Docentia, que permitiría obter información sobre as tarefas de planificación docente, desenvolvemento docente e resultados académicos e de satisfacción obtidos polo profesorado, así como recoñecer o labor de mellora da calidade do profesorado, a innovación docente e docente posta en práctica. Ademais da modalidade quinquenal á que se presenta voluntariamente o profesorado, hai unha fase anual que inclúe a todo o profesorado a tempo completo da Universidade de Vigo, aínda que os datos do programa non se presentan de forma continuada nin por centros.

Dentro do Sistema de Calidade contamos cun procedemento 'Queixa, Suxestión ou Parabén' (QSP) accesible desde calquera dos portais web da UVigo, incluída a web do Centro, que permite que calquera dos grupos de interese formule suxestións e queixas. Este sistema permite, dun xeito sinxelo para o usuario, enviar unha queixa ou suxestión que deberá ser atendida polo órgano competente (decanato, coordinación da titulación, etc.). Porén, o Centro sempre se enorgulleceu de actuar a través do seu equipo directivo: decanos, vicedecanos e responsables do Máster, de forma moi aberta e directa co alumnado, facilitando a comunicación; hoxe de forma máis regulamentaria aplicando o Plan de Acción Tutorial.

Establecemos os Plans de Mellora que permitiron realizar correccións e incluír/avaliar melloras no Título: erros materiais, mellora da información pública, aumento da transparencia, mellora dos procedementos, etc. e axuste de metodoloxías e avaliación. A comisión Académica do Master é a encargada da implantación e seguimento das melloras do SGC. A Facultade de ciencias é a encargada de elaborar os SGC e fomentar a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua. Na páxina web da Facultade de Ciencias se encontran dispoñibles todos os procedementos para a avaliación, mellora, planificación e desenvolvemento da calidade da ensinanza, así como para a recollida e análise de resultados: <http://fcou.uvigo.es/gl/calidade/sgc/>.

O SGC é revisado periodicamente e realízanse cambios, o que resulta en melloras de procesos. Ao longo dos últimos cursos, os procedementos foron modificados e adaptados ás realidades e necesidades da institución e das titulacións. Os cambios realizados no SGC representan un esforzo para simplificar e facilitar os procedementos de recollida e análise de información. Non obstante, cómpre sinalar como contrapartida, que estes cambios xeran incerteza na aplicación dalgúns procedementos que non están totalmente consolidados e dificultade na xestión cambiante de solicitudes e criterios, por exemplo: dificultade para comparar e analizar a evolución á hora de modificar o indicadores e criterios nas enquisas de satisfacción ou no cálculo de taxas, dificultando a análise da serie histórica completa a pesar de contar cos datos.

Aínda así, hai unha implicación crecente por parte dos distintos grupos de interese para recoller información que permita a retroalimentación necesaria e guíe os procesos de mellora nas distintas áreas (académica, directiva, etc.), consolidando unha cultura da Calidade. Cabe destacar o cambio de persoal da administración, presentando novos servizos que faciliten o desenvolvemento de procedementos ou a adquisición de probas.

As taxas de participación nas enquisas de satisfacción do alumnado son elevadas en comparación con outras titulacións, chegando ao 34,78% de participación. Por parte do profesorado, a súa participación rolda o 50%, o 56,72% no curso 18-19 e o 47,95% no actual analizado 20-21.

As enquisas de satisfacción amosan unha elevada valoración da xestión da calidade no caso dos profesores acadando un valor de 4,14/5. A valoración baixa no caso do alumnado e dos egresados/as o cal precisa dunha actuación, aínda que consideramos este valor é baixo por mor do descoñecemento que estes teñen dos SGC.

**Puntos febles detectados:**

- Maior grao de explicación do que representa a Calidade e a súa implicación na mellora do título.
- O Centro non conta cun sistema de calidade certificado na súa implantación.
- Descoñecemento do alumnado dos SGC.
- 

**Accións de mellora a implantar:**

- Maior transmisión do significado de Calidade na evolución do título.
- Avance na certificación do SGC do Centro

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

## **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS**

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O profesorado esta composto por investigadores de recoñecido prestixio e cun curriculum destacable no seu campo, respondendo ao perfil das materias que imparten e que están relacionadas coas distintas áreas do campo agroalimentario e ambiental. Existe polo tanto persoal suficiente para garantir a consecución das competencias e obxectivos formativos que se pretende acadar e atender convenientemente ao alumnado matriculado, para o que se valora satisfactoriamente o cumprimento deste criterio.

O cadro de profesorado presenta un grao de estabilidade moi elevado, sendo as cifras de maior representación o Catedrático de universidade, o Profesor Titular de universidade ou o Profesor Contratado Doutor, que alcanzan o 50,94% do cadro de persoal. Tamén participan os investigadores Juan de la Cierva e Ramón y Cajal (7,54% da plantilla). O 100% do cadro de persoal do Máster ten o nivel académico de doutor.

A Universidade de Vigo garante que os mecanismos de contratación do profesorado garanten os principios de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cunha proporción do 50,94% de homes e 49,05% de mulleres no cadro de persoal.

Así mesmo, o profesorado da titulación participa en actividades formativas que no último curso acadaron o 35,84%, un lixeiro descenso con respecto ao ano anterior, que foi do 41,17% de participación.

No que se refire á actividade investigadora, centrándose nos datos derivados do portal de transparencia da UVigo, o número total de sexenios é elevado, xa que se obtén o 83,72% dos posibles sexenios e cunha importante produción científica. As liñas de investigación que desenvolve o profesorado do Master son gran impacto e actualidade o cal permite unha excelente formación aos egresados/as que culmina nos Traballos fin de Mestrado. Gracias a numerosa implicación de laboratorios, grupos de investigación e profesores no Master, nos laboratorios de investigación do cadro docente que imparte asignaturas no Master, sempre hai postos dispoñibles para realizar Traballos Fin de Master en liñas de investigación orientas as necesidades mais demandadas polo tecido industrial e a sociedade nos eidos agroalimentario e ambiental. A información do persoal académico é pública e de fácil acceso a través da páxina web do Centro, incluíndo un breve currículo e datos básicos de interese docente: localización, titorías, materias impartidas, categoría, Departamento, etc., así como ligazóns ao perfil de investigación da UVigo (BIDI), grupos de investigación e outros perfís externos (Scopus, ResearcherID, ORCID...).

Hai que suliñar que o profesorado do Master actualiza constantemente as súas habilidades docentes a través do cursos que pon súa disposición a Área de Formación e innovación Educativa do Vicerreitorado de Organización académica e Profesorado.

A Comisión Académica do Master avalía de forma anual as posibles necesidades de profesorado de acordo con que se trata un Máster investigador, a adecuación as necesidades das asignaturas e a actividade científica de calidade medible cuantitativamente mediante as contribucións de impacto correspondentes do posible profesorado.

Tanto profesorado como alumnado e egresados/as manifestaron unha alta satisfacción cos recursos humanos do Master, cun valor de 4,41/5 e 3,83/5 respectivamente nas enquisas de satisfacción.

No que respecta ao PAS, hai que comentar que a Universidade de Vigo na última remodelación dos seus servizos apostou pola centralización administrativa, sendo o secretario do decano reportando directamente ao decano, con dirección administrativa, dirección de edificios, departamentos, economía, posgrao, etc. etc. de dependencia da Xerencia/Vicerreitorías da universidade. A participación do PAS en actividades formativas foi excelente nos últimos anos, chegando ao 71,49%, aínda que nestes anos de pandemia esta participación reduciuse, chegando ao 47,50% no curso 20-21.

**Puntos febles detectados:**

- Nula participación en proxectos de innovación didáctica
- Persoal de administración escaso en determinados períodos.

**Accións de mellora a implantar:**

- Fomentar a realización de proxectos de innovación didáctica
- Aumentar o persoal de administración ou reorganizar as funcións do mesmo.

<b>Evidencias nas que se baseou valoración:</b> E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)	
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b> I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u> I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas. I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u> I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título) I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) I02-PE: Cualificación do PDI I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio) I03(2)-PE: Profesorado por categoría	



## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental está adscrito á Facultade de Ciencias do Campus de Ourense, compartindo espazo e equipamento cos graos de Enxeñaría Agrícola, Ciencias e Tecnoloxía dos Alimentos, e Ciencias Ambientais, e co Máster en Nutrición.

Os medios materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición do alumnado, profesorado e PAS son axeitados ás características do plan de estudos e axústanse ás necesidades e ao número de alumnos matriculados. A información está dispoñible a través da páxina web do centro: <http://fcou.uvigo.es/gl/facultade/recursos-materiais-e-servizos/> para consulta.

Nos últimos anos equipáronse as aulas con pantallas táctiles/ordenadores xunto con cámaras web, o que facilitaron moito a docencia. Neste momento a infraestrutura e o equipamento son os adecuados para o desenvolvemento das ensinanzas actuais; dispoñer dos medios materiais e servizos que garantan o adecuado desenvolvemento da actividade formativa e permitan a consecución das competencias que se pretenden acadar. Ademais, en calquera momento o profesorado e o alumnado poden formular as súas suxestións e solicitudes de materiais, que serán atendidas sempre que o orzamento o permita.

Unha ferramenta de apoio á docencia destacable é a plataforma de teledocencia (FAITIC), moi utilizada en todas as materias. Permite a publicación de materiais, actividades, presupostos prácticos, así como pautas, entrega de actividades e avaliacións. Tamén hai bases de datos, coleccións bibliográficas, etc. fácil acceso. Estudantes e profesores valoraron positivamente o acceso a estas plataformas. Outro recurso destacable é a plataforma para a ensinanza de programación DocNet. Este sistema favoreceu o desenvolvemento dunha estrutura común dos programas docentes e a súa publicidade e fácil visibilidade a través da páxina web e da plataforma FAITIC-MooVi. As guías docentes que contén son revisadas, actualizadas e revisadas periodicamente pola Comisión Permanente e publicadas con anterioridade ao prazo de matrícula. <http://fcou.uvigo.es/gl/docencia/guias-docentes/>

Para garantir o correcto desenvolvemento das prácticas, o Máster conta, ademais dos convenios de colaboración subscritos pola Universidade, con convenios asinados directamente con institucións públicas e privadas, convenios que se amplían en función das necesidades e solicitudes que realicen os estudantes. Así mesmo, existen fondos bibliográficos e outros recursos documentais que os técnicos de bibliotecas, ademais de colaborar en xornadas formativas para o alumnado de novo ingreso sobre o uso dos recursos bibliotecarios, xestores de documentos, etc., ofrecen a través dun curso en liña -liña de 'busca e xestión de información' dirixida ao alumnado. En xeral, o profesorado está satisfeito e, por parte do alumnado, a súa valoración é baixa en recursos materiais e servizos, agás as plataformas de teledocencia. Sendo docencia mixta, esta diferenza estaría xustificada

<b>DOCENTES MASTER CyTAAA</b>	
14. As aulas e o seu equipamento	4,47
15. Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento	4,34
16. Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento	4,61
17. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	4,58

<b>ESTUDIANTES MASTER CyTAAA</b>	
13. As aulas e o seu equipamento	2,67
14. Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento	2,33
15. Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento)	2,50
16. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	4,14

Con relación ao Traballo Fin de Master, realizamos unha asignación temperá de laboratorio no que realizar o Traballo Fin de Máster a cada alumno/a. Isto permítenos distribuír os recursos entre o alumnado e unha implicación de suficientes directores/as nos TFM. Gracias a numerosa implicación de laboratorios, grupos de investigación e profesorado no Master, nos laboratorios de investigación do cadro docente que imparte asignaturas no Master, sempre hai postos dispoñibles para realizar Traballos Fin de Master. A pesares de todo se trata de buscar un equilibrio entre as áreas implicadas na investigación e os Traballos fin de Master.

Tanto profesores como alumnado manifestaron unha alta satisfacción cos recursos que contan para o desenvolvemento do ensino e do seu labor profesional, cun valor de 4,50/5 do profesorado, 3,27/5 do alumnado e 3,93 dos egresados/as nas enquisas de satisfacción.

**Puntos febles detectados:**

- En ocasións o sinal de internet nas aulas pode ser mellorable.
- Non se presta especial atención a que profesorado e alumnado coñezan as normativas de accesibilidade universal, seguridade, saúde e medio ambiente tanto en laboratorio como aula ou en caso de riscos especiais no edificio.
- Aumentar o grado de orientación do alumnado

**Accións de mellora a implantar:**

- Potenciar o sinal de internet na Facultade
- Asegurarse de que profesorado e alumnado coñezan as normativas de accesibilidade universal, seguridade, saúde e medio ambiente mediante o envío o seu correo electrónico das mesmas ou da súa ligazón de internet.
- Crear unha comisión específica para que todo o traballo de orientación e seguimento non recaiga só na figura do coordinador do Master

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título  
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT  
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.  
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título  
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia  
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos  
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas  
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.  
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na seguinte táboa se recollen as principais taxas relacionadas cos resultados da aprendizaxe nos últimos cursos:

ITEMS	METAS	VALORES
Taxa de rendemento	>-90%	18/19:91% 19/20:99% 20/21:93% %
Taxa de abandono	<-10%	18/19:---% 19/20:4,55% 20/21:25% %
Taxa de eficiencia	>-90%	18/19:96% 19/20:98% 20/21:100% %
Taxa de graduación	>-90%	18/19:90,91% 19/20:75% 20/21:94,44% %
Taxa de éxito	>-90%	18/19:100% 19/20:100% 20/21:100% %

Tendo en conta os resultados recollidos na táboa pódese comprobar que todas as taxas son excelentes agás a taxa de abandono do curso 20/21. O alumnado que abandonou durante ese curso os estudos foron alumnos/as estranxeiros/as que non acadaron finalmente unha bolsa de estudos.

O profesorado manifestaron unha alta satisfacción cos resultados da aprendizaxe, cun valor de 4,0/5 do profesorado, mentres que esta baixa o 3,19/5 no caso do alumnado e 3,3 nos egresados/as nas enquisas de satisfacción.

**Puntos febles detectados:**

- Os índices de satisfacción do profesorado e dos egresados/as son máis altos que os do alumnado

**Accións de mellora a implantar:**

- Incidir na orientación ó alumnado

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e calificación)

E25: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A demanda do título foi boa xa que se supera o valor de 20 alumnos que a Xunta de Galicia establece como umbral para que un Máster se poda impartir no seguinte Curso académico.

Os índices de satisfacción do profesorado e dos egresados/as son mais altos que os do alumnado.

Tendo en conta os resultados recollidos na táboa de rendementos pódese comprobar que tódalas taxas son excelentes:

ITEM	META	VALORES
Taxa de rendemento	>-90%	18/19:91% 19/20:99% 20/21:93% %
Taxa de abandono	<-10%	18/19:---% 19/20:4,55% 20/21:25% %
Taxa de eficiencia	>-90%	18/19:96% 19/20:98% 20/21:100% %
Taxa de graduación	>-90%	18/19:90,91% 19/20:75% 20/21:94,44% %
Taxa de éxito	>-90%	18/19:100% 19/20:100% 20/21:100% %

**Puntos febles detectados:**

- Os índices de satisfacción do profesorado e dos egresados/as son mais altos que os do alumnado

**Accións de mellora a implantar:**

- Incidir na orientación ó alumnado

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

☐ Tasa de graduación

☐ Tasa de abandono

☐ Tasa de eficiencia

☐ Tasa de rendimento

☐ Tasa de éxito

☐ Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos